

**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA CINCO DE MAIO  
DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 5 de maio de 2022. Baixo a presidencia da **Excm. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema e D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Desculpan as súas ausencias as señoras concelleiras **D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Gutiérrez Roselló e D.<sup>a</sup> María García Gómez**, e o señor concelleiro **D. Juan Ignacio Borrego Vázquez**.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e sete minutos, a

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA CINCO DE MAYO  
DE DOS MIL VEINTIDÓS**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 5 de mayo de 2022. Bajo la presidencia de la **Excm. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema e D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Disculpan sus ausencias las señoras concejales **D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Gutiérrez Roselló y D.<sup>a</sup> María García Gómez**, el señor concejal **D. Juan Ignacio Borrego Vázquez**.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

*A las diez horas y siete minutos, la*

Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **Intervencións**

#### **Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas, benvidos e benvidas a esta sesión ordinaria do Pleno do Concello da Coruña. Saudamos a todos os membros da Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario xeral, señor interventor, así como xornalistas acreditados e aqueles que nos seguen a través da Tribuna. Primeiro pleno sen máscaras, é un placer verlles a cara a todos de novo.

Pasamos xa á Parte Resolutiva, asunto número un, señor secretario.

### **I – PARTE RESOLUTIVA**

#### **COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

##### **Señor Secretario**

Bo día. Desculpar, en primeiro lugar, a don Juan Ignacio Borrego Vázquez, dona María Teresa Gutiérrez Roselló e a dona María García Gómez.

Asunto un, Comunicacóns da Alcaldía.

#### **75.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

##### **Presidencia**

Ben, nas Comunicacóns de Alcaldía, como saben, no Pleno do pasado 14 de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero e dentro dos compromisos adquiridos estaba o de iniciar cada pleno ordinario gardando

*Presidencia declara aberta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

### **Intervenciones**

#### **Presidencia**

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos y bienvenidas a esta sesión ordinaria del Pleno del Ayuntamiento de A Coruña. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario general, señor interventor, así como periodistas acreditados y aquellos que nos siguen a través de la Tribuna. Primer pleno sin mascarillas, es un placer verles la cara todos de nuevo.*

*Pasamos ya a la Parte Resolutiva, asunto número uno, señor secretario.*

### **I – PARTE RESOLUTIVA**

#### **COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA**

##### **Señor Secretario**

*Buenos días. Disculpar, en primer lugar, a don Juan Ignacio Borrego Vázquez, doña María Teresa Gutiérrez Roselló y a doña María García Gómez.*

*Asunto uno, Comunicaciones de la Alcaldía.*

#### **75.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.**

##### **Presidencia**

*Bien, en las Comunicaciones de Alcaldía, como saben, en el Pleno del pasado 14 de septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género y dentro de los compromisos adquiridos estaba el de iniciar cada pleno ordinario guardando*

tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno. Segundo os datos que facilita a Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 13 no ano 2022 e a 1.139 desde o 1 de xaneiro de 2003, e o número de menores asasinados ascende a 47 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 349 menores orfos e orfas desde 2013.

Desde o Pleno do 7 de abril de 2022 ata o día de hoxe confirmáronse 5 mulleres asasinadas por violencia machista, unha delas a filla maior de idade dunha das mulleres vítimas. Polo tanto, neste pleno deberán gardarse 5 minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan:

O 4 de abril de 2022: Teodora I.T. de 42 anos en Toledo que deixa un fillo menor de idade.

O 15 de abril 22: África, de apelidos descoñecidos, de 44 anos en Barcelona.

O 19 de abril de 2022: Natalia, de apelidos descoñecidos, de 53 anos, en Girona

O 19 de abril de 2022: a filla de Natalia, de nome e apelidos descoñecidos, de 18 anos, en Girona.

E o 2 de maio de 2022 Ouardia, de apelidos non coñecidos, de 43 anos, en Cuenca quen deixa dous fillos e una filla menores de idade.

Así que solicito a todos os presentes nos poñamos en pé para gardar 5 minutos de silencio.

**(Gárdanse 5 minutos de silencio)**

*tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno. Según los datos que facilita la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 13 en el año 2022 y la 1.139 desde el 1 de enero de 2003, y el número de menores asesinados asciende a 47 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 349 menores huérfanos y huérfanas desde 2013.*

*Desde el Pleno de 7 de abril de 2022 hasta el día de hoy se confirmaron 5 mujeres asesinadas por violencia machista, una de ellas la hija mayor de edad de una de las mujeres víctimas. Por lo tanto, en este pleno deberán guardarse 5 minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan:*

*El 4 de abril de 2022: Teodora I. T. de 42 años en Toledo que deja un hijo menor de edad.*

*El 15 de abril 22: África, de apellidos desconocidos, de 44 años en Barcelona.*

*El 19 de abril de 2022: Natalia, de apellidos desconocidos, de 53 corderos, en Girona*

*El 19 de abril de 2022: la hija de Natalia, de nombre y apellidos desconocidos, de 18 años, en Girona.*

*Y el 2 de mayo de 2022 Ouardia, de apellidos no conocidos, de 43 años, en Cuenca quien deja dos hijos y una hija menores de edad.*

*Así que solicito a todos los presentes nos pongamos en pie para guardar 5 minutos de silencio.*

***(Se guardan 5 minutos de silencio)***

## **76.- Aprobación de actas.**

### **Presidencia**

Dentro das comunicacións de Alcaldía está tamén a aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias ordinaria de 10 de marzo de 2022 e extraordinaria e urxente de 10 de marzo de 2022 que constan e se entenden aprobadas ó non haber alegacións ás mesmas.

Pasamos xa ao asunto número dous. Señor secretario.

### **Señor Secretario**

Asunto número dous, Planeamento e Xestión do Solo, Aprobación provisional do documento da “Modificación puntual do PXOM no polígono O30.1 e no PE O29 de A Coruña. Marzo 2022”, acordo que require maioría absoluta legal.

**URBANISMO,** **VIVENDA,**  
**INFRAESTRUTURAS** **E**  
**MOVILIDADE**

### **Planeamento e Xestión do Solo**

**77.- Expdte. 631/2019/273 (MPX 10/19)**

**Aprobación provisional do documento da “Modificación puntual do PXOM no polígono O30.1 e no PE O29 de A Coruña. Marzo 2022”**

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda celebrada o día 2 de maio de 2022, cos votos a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista e do Partido Popular, e as abstencións dos Grupos Municipais da Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

## **76.- Aprobación de actas.**

### **Presidencia**

*Dentro de las comunicaciones de Alcaldía está también la aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias ordinaria de 10 de marzo de 2022 y extraordinaria y urgente de 10 de marzo de 2022 que constan y se entienden aprobadas al no haber alegaciones a las mismas.*

*Pasamos ya al asunto número dos. Señor secretario.*

### **Señor Secretario**

*Asunto número dos, Planeamiento y Gestión del Suelo, Aprobación provisional del documento de la “Modificación puntual del PGOM en el polígono O30.1 y en el PE 029 de A Coruña. Marzo 2022”, acuerdo que requiere mayoría absoluta legal.*

**URBANISMO,** **VIVIENDA,**  
**INFRAESTRUTURAS** **Y**  
**MOVILIDAD**

### **Planeamiento y Gestión del Suelo**

**77.- Expdte. 631/2019/273 ( MPX 10/19)**

**Aprobación provisional del documento de la “Modificación puntual del PGOM en el polígono O30.1 y en el PE O29 de A Coruña. Marzo 2022”**

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda celebrada el día 2 de mayo de 2022, con los votos a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista y del Partido Popular, y las abstenciones de los Grupos Municipales de la Marea Atlántica y del Bloque Nacionalista Galego y de la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponiendo al Pleno de la Corporación a adopción de*

acordos:

**PRIMEIRO.-** Prestar conformidade ao informe municipal do 22.04.2022, de contestación ás alegacións formuladas durante o período de información pública do documento aprobado inicialmente.

**SEGUNDO.-** Aprobar provisionalmente o documento da “Modificación puntual do PXOM no polígono O30.1 e no PE O29 da Coruña. Documentación para aprobación provisional. Marzo 2022”, redactado pola oficina técnica municipal do Departamento de Planeamento, asinado pola arquitecta municipal do Departamento de Planeamento, o xefe do Departamento de Planeamento e o xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

**TERCEIRO.-** Achegar copia do expediente completo debidamente dilixenciado á consellaría competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60, parágrafo 15, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**CUARTO.-** Notificar este acordo aos Departamentos municipais interesados na súa tramitación.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Para este asunto terá a palabra, en primeiro lugar o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Gallego, para expoñer brevemente a cuestión, e despois haberá unha única quenda de 5 minutos por Grupo, tal e como se acordou na Comisión de Voceiros.

Señor Díaz, ten a palabra.

*los siguientes acuerdos:*

**PRIMERO.-** *Prestar conformidad al informe municipal del 22.04.2022, de contestación a las alegaciones formuladas durante el período de información pública del documento aprobado inicialmente.*

**SEGUNDO.-** *Aprobar provisionalmente el documento de la “Modificación puntual del PGOM en el polígono O30.1 y en el PE O29 de A Coruña. Documentación para aprobación provisional. Marzo 2022”, redactado por la oficina técnica municipal del Departamento de Planeamiento, firmado por la arquitecta municipal del Departamento de Planeamiento, el jefe del Departamento de Planeamiento y el jefe de Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo.*

**TERCERO.-** *Remitir copia del expediente completo debidamente diligenciado a la Consellería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60, párrafo 15, de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*

**CUARTO.-** *Notificar este acuerdo a los Departamentos municipales interesados en su tramitación.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Para este asunto tendrá la palabra, en primer lugar el concejal de Urbanismo, señor Díaz Gallego, para exponer brevemente la cuestión, y después habrá un único turno de 5 minutos por Grupo, tal y como se acordó en la Comisión de Portavoces.*

*Señor Díaz, tiene la palabra.*

### **Señor Díaz Gallego**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Hoxe traemos ó Pleno a aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no Polígono O30.1 e PE O29, un trámite que a falta do informe previo á aprobación definitiva da modificación puntual, que terá que emitir a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, supón o avance definitivo de todos os procesos urbanísticos relacionados coa estación intermodal da Coruña que puxemos en marcha neste mandato e que, tal e como nos comprometemos, culminaremos tamén neste mandato.

Dende xuño de 2019 a alcaldesa, Inés Rey, apostou polo proxecto da intermodal como un proxecto fundamental para o desenvolvemento da cidade da Coruña, unha aposta que se materializou no convenio para o desenvolvemento da área de intermodalidade de transporte de viaxeiros da Coruña despois de meses de traballo das administracións implicadas e grazas ó impulso deste goberno municipal, o convenio no que se regulan as obrigas do noso concello e que se está a cumprir, un convenio no que se regulan as obrigas do noso concello e que se está a cumprir en tempo e forma.

O proxecto da intermodal non é para o Goberno de Inés Rey un proxecto máis, non é un proxecto illado, non é só unha estación, é un xeito de facer cidade e de dotar de centralidade e inversión os barrios dos Mallos, da Sardiñeira e de Elviña. Non quixemos limitarnos a apoiar as administracións implicadas no transporte interurbano e na mobilidade na construción dun edificio de viaxeiros. Quixemos que a chegada da intermodal

### **Señor Díaz Gallego**

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Hoy traemos al Pleno la aprobación provisional de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal en el Polígono O30.1 y PE O29, un trámite que a falta del informe previo a la aprobación definitiva de la modificación puntual, que tendrá que emitir la Dirección General de Ordenación del Territorio y Urbanismo de la Xunta de Galicia, supone el avance definitivo de todos los procesos urbanísticos relacionados con la estación intermodal de A Coruña que pusimos en marcha en este mandato y que, tal y como nos comprometimos, culminaremos también en este mandato.*

*Desde junio de 2019 la alcaldesa, Inés Rey, apostó por el proyecto de la intermodal como un proyecto fundamental para el desarrollo de la ciudad de A Coruña, una apuesta que se materializó en el convenio para el desarrollo del área de intermodalidad de transporte de viajeros de A Coruña después de meses de trabajo de las administraciones implicadas y gracias al impulso de este gobierno municipal, el convenio en el que se regulan las obligaciones de nuestro ayuntamiento y que se está cumpliendo, un convenio en el que se regulan las obligaciones de nuestro ayuntamiento y que se está cumpliendo en tiempo y forma.*

*El proyecto de la intermodal no es para el Gobierno de Inés Rey un proyecto más, no es un proyecto aislado, no es solo una estación, es una manera de hacer ciudad y de dotar de centralidad e inversión a los barrios de Os Mallos, de A Sardiñeira y de Elviña. No quisimos limitarnos a apoyar a las administraciones implicadas en el transporte interurbano y en la movilidad en la construcción de un edificio de viajeros. Quisimos que la llegada de la*

a esta zona da cidade supuxese melloras nas súas dotacións, nas súas rúas, nas súas zonas verdes e na interconexión entre os barrios da contorna. Así, non só se está a traballar na aprobación de documentos urbanísticos como o que hoxe vén ó Pleno, senón que tamén se está a traballar nos proxectos de reurbanización das avenidas do Ferrocarril e da Sardiñeira, así como a dese novo vial que deberá comunicar a Estación coa avenida de Arteixo, vial que será posible grazas á tramitación urbanística iniciada e rematada neste mandato coa aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM no ámbito do Pol. O29, A Sardiñeira, no Pleno do pasado mes de febreiro.

O expediente que hoxe traemos ó Pleno iniciou a súa tramitación no mes de decembro de 2019 cando a Xunta de Goberno Local aproba os documentos de avaliación estratéxica e borrador, e foi aprobado inicialmente por este pleno da Coruña o pasado 8 de abril de 2021, dando inicio ó trámite de información pública e solicitando tanto á Administración Xeral do Estado como á Xunta de Galicia os correspondentes informes sectoriais.

No procedemento de información pública recíbense 3 alegacións: unha do Adif, outra do Grupo Municipal da Marea Atlántica e unha terceira dun particular, ademais dos informes sectoriais que son todos favorables. As alegacións do Adif refírense fundamentalmente a puntualizacións e correccións de erros semánticos para facer coincidir o documento coa redacción do convenio marco. As alegacións, tanto do Grupo da Marea Atlántica como do particular, fan fincapé fundamentalmente ó aproveitamento no ámbito, e concretamente ó aproveitamento comercial. Neste senso, quero resaltar unha vez máis, como xa se

*intermodal a esta zona de la ciudad supusiera mejoras en sus dotaciones, en sus calles, en sus zonas verdes y en la interconexión entre los barrios del entorno. Así, no solo se está trabajando en la aprobación de documentos urbanísticos cómo el que hoy viene al Pleno, sino que también se está trabajando en los proyectos de reurbanización de las avenidas del Ferrocarril y de A Sardiñeira, así como la de ese nuevo vial que deberá comunicar la Estación con la avenida de Arteixo, vial que será posible gracias a la tramitación urbanística iniciada y finalizada en este mandato con la aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM en el ámbito del Pol.O29, A Sardiñeira, en el Pleno del pasado mes de febrero.*

*El expediente que hoy traemos al Pleno inició su tramitación en el mes de diciembre de 2019 cuando la Xunta de Gobierno Local aprueba los documentos de evaluación estratégica y borrador, y fue aprobado inicialmente por este pleno de A Coruña el pasado 8 de abril de 2021, dando inicio al trámite de información pública y solicitando tanto a la Administración General del Estado como a la Xunta de Galicia los correspondientes informes sectoriales.*

*En el procedimiento de información pública se reciben 3 alegaciones: una del Adif, otra del Grupo Municipal de la Marea Atlántica y una tercera de un particular, además de los informes sectoriales que son todos favorables. Las alegaciones del Adif se refieren fundamentalmente a puntualizaciones y correcciones de errores semánticos para hacer coincidir el documento con la redacción del convenio marco. Las alegaciones, tanto del Grupo de la Marea Atlántica como del particular, hacen hincapié fundamentalmente al aprovechamiento en el ámbito, y concretamente al aprovechamiento comercial. En este sentido, quiero resaltar*

fixo por parte deste goberno en numerosas ocasións, que o documento que se está a tramitar rebaixa os usos terciarios de carácter lucrativo dende os 45.000 m<sup>2</sup> ata os 5.100 m<sup>2</sup>, pero non só iso. O polígono O31 contemplaba unha edificabilidade lucrativa de 36.000 m<sup>2</sup>, dos cales o 55 % eran residenciais e o 45 % restante, terciarios, e desaparece coa presente modificación.

Non se está, polo tanto, proxectando un centro comercial, non se está a poñer en perigo o tecido comercial dos Mallos ou da Sardiñeira cos que este goberno local traballa día a día. Estase a crear unha nova dotación pública que supón 90 millóns de inversión coa que non só melloraremos a mobilidade de todos os coruñeses e da área metropolitana, senón que revitalizaremos e impulsaremos os barrios dos Mallos e da Sardiñeira, convertendo a zona nunha contorna máis atractiva, renovada e reactivada economicamente.

Non estamos a inventar a pólvora, estamos a dar resposta á lexislación vixente na que se nos solicita ós poderes públicos que integren no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial para contribuír ó equilibrio das cidades, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, neste caso ós veciños dos Mallos, así como a cohesión e integración social. Queremos, polo tanto, unha área de intermodalidade que non sexa só un punto de saída e chegada de viaxeiros, queremos que sexa un novo centro de actividade da cidade.

Neste senso, e con dita finalidade, esta é a proposta de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que traemos para a consideración e aprobación por parte do Pleno da

*una vez más, como ya se hizo por parte de este gobierno en numerosas ocasiones, que el documento que se está tramitando rebaja los usos terciarios de carácter lucrativo desde los 45.000 m<sup>2</sup> hasta los 5.100 m<sup>2</sup>, pero no solo eso. El polígono O31 contemplaba una edificabilidad lucrativa de 36.000 m<sup>2</sup>, de los cuales el 55 % eran residenciales y el 45 % restante, terciarios, y desaparece con la presente modificación.*

*No se está, por lo tanto, proyectando un centro comercial, no se está poniendo en peligro el tejido comercial de Os Mallos o de A Sardiñeira con los que este gobierno local trabaja día a día. Se está creando una nueva dotación pública que supone 90 millones de inversión con la que no solo mejoraremos la movilidad de todos los coruñeses y del área metropolitana, sino que revitalizaremos e impulsaremos los barrios de Os Mallos y de A Sardiñeira, convirtiendo la zona en un entorno más atractivo, renovada y reactivada economicamente.*

*No estamos inventando la pólvora, estamos dando respuesta a la legislación vigente en la que se nos solicita a los poderes públicos que integren en el tejido urbano cuantos usos resulten compatibles con la función residencial para contribuir al equilibrio de las ciudades, favoreciendo la diversidad de usos, la aproximación de los servicios, las dotaciones y los equipamientos a la comunidad residente, en este caso a los vecinos de Os Mallos, así como la cohesión e integración social. Queremos, por lo tanto, un área de intermodalidad que no sea solo un punto de salida y llegada de viajeros, queremos que sea un nuevo centro de actividad de la ciudad.*

*En este sentido, y con dicha finalidad, esta es la propuesta de modificación del Plan General de Ordenación Municipal que traemos para la consideración y aprobación por parte del Pleno de A*



Coruña.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

Comezamos o turno de debate. Señora Faraldo, cinco minutos.

### **Señora Faraldo Calvo**

Moitas grazas. Bos días, alcaldesa, concelleiros, concelleiras, persoal traballador do Concello e no Concello, prensa e veciñanza que sigue a este pleno.

Cinco minutos de silencio por cinco vidas arrancadas por esa lacra social que é a violencia de xénero. Contra ela todos os esforzos son poucos. Non quero deixar de decilo, non quero acostumar-me a este dramático silencio.

Hoxe tamén estamos diante dunha triste noticia: o xulgado autoriza a extinción dos contratos de traballo de Alu Ibérica na Coruña. Sentimos como unha lousa un final que nunca quixemos, que intentamos evitar na medida das nosas forzas e que sentimos deixa a cidade baleira dunha das súas principais industrias. Queda o enorme exemplo da digna loita dos traballadores ós que non daremos recoñecido nin agradecido o seu traballo e esforzo.

E hoxe tamén, case ó rematar este pleno, elevarei un rogo para algo que xa adianto: o apoio ás reivindicacións do persoal do Contact Center que anuncian mobilizacións para o mes de maio en defensa dun convenio novo que desbloquee as condicións actuais de precariedade dun sector que abrangue a case 5.000 persoas traballadoras da área da Coruña. Dese Podemos Coruña todo o noso apoio.

En canto ó asunto do día, estamos a falar

Coruña.

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Comenzamos el turno de debate. Señora Faraldo, cinco minutos.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Muchas gracias. Buenos días, alcaldesa, concejales, concejales, personal trabajador del Ayuntamiento y en el Ayuntamiento, prensa y vecindario que sigue la este pleno.*

*Cinco minutos de silencio por cinco vidas arrancadas por esa lacra social que es la violencia de género. Contra ella todos los esfuerzos son pocos. No quiero dejar de decirlo, no quiero acostumbrarme a este dramático silencio.*

*Hoy también estamos ante una triste noticia: el juzgado autoriza la extinción de los contratos de trabajo de Alu Ibérica en A Coruña. Sentimos como una losa un final que nunca quisimos, que intentamos evitar en la medida de nuestras fuerzas y que sentimos deja la ciudad vacía de una de sus principales industrias. Queda el enorme ejemplo de la digna lucha de los trabajadores a los que habremos reconocido ni agradecido suficientemente su trabajo y esfuerzo.*

*Y hoy también, casi al finalizar este pleno, elevaré un ruego para algo que ya adelanto: el apoyo a las reivindicaciones del personal del Contact Center que anuncian movilizaciones para el mes de mayo en defensa de un convenio nuevo que desbloquee las condiciones actuales de precariedad de un sector que abarca a casi 5.000 personas trabajadoras del área de A Coruña. De ese Podemos Coruña todo nuestro apoyo.*

*En cuanto al asunto del día, estamos*

do mesmo documento que xa se aprobou inicialmente cos votos do PSOE, do PP e as abstencións de Marea Atlántica, BNG e a miña, no mes de abril do ano pasado. Vou manter a mesma posición que mantive nese pleno porque aínda que na actualidade existen cambios nos ámbitos de uso privativo e dos usos lucrativos, así como correccións por erros con respecto do documento inicial, as dúbidas que se nos presentan seguen sendo as mesmas, e non son diferentes ás que manifesta, por exemplo, a Asociación veciñal e de comercio maioritaria do barrio dos Mallos. Se esta asociación, que debería estar non só aplaudindo un equipamento como este, senón apoiando sen resquicios, porque debería ter un impacto sobre o barrio, sobre a zona, moi positivo e beneficioso, e sen embargo están sendo moi críticas con este equipamento, algo non está funcionando, algo ten que estarse a facer mal desde o Goberno municipal, aínda que só sexa a labor divulgativa, informativa, a labor de comunicación coas partes directamente afectadas, que son a veciñanza e os comerciantes da zona.

Non vamos a votar en contra a pesar destes argumentos por responsabilidade, porque somos conscientes de que este é un equipamento clave para a cidade, pero non podemos votar a favor dudando dese uso lucrativo, a pesar das explicacións, que vánselle dar a máis dos 5.000 m<sup>2</sup> que van a converter a necesidade de servizos nesa infraestrutura, entendemos nós, que nun novo centro comercial dos que antes de fracasar —moitos deles xa nesta cidade— arruinaron o pequeno e mediano comercio da zona. Porque ninguén nega a posibilidade de dotacións para satisfacer as necesidades das persoas viaxeiras que recaigan na intermodal —cafeterías, prensa, estafetas de mensaxería, servizos de taquillas, que digo eu—, pero de aí a

*hablando del mismo documento que ya se aprobó inicialmente con los votos del PSOE, del PP y las abstenciones de Marea Atlántica, BNG y la mía, en el mes de abril del año pasado. Voy a mantener la misma posición que mantuve en ese pleno porque aunque en la actualidad existen cambios en los ámbitos de uso privativo y de los usos lucrativos, así como correcciones por errores con respecto al documento inicial, las dudas que se nos presentan siguen siendo las mismas, y no son diferentes a las que manifiesta, por ejemplo, la Asociación vecinal y de comercio mayoritaria del barrio de Os Mallos. Si esta asociación, que debería estar no solo aplaudiendo un equipamiento como este, sino apoyando sin resquicios, porque debería tener un impacto sobre el barrio, sobre la zona, muy positivo y beneficioso, y sin embargo están siendo muy críticas con este equipamiento, algo no está funcionando, algo tiene que estar haciéndose mal desde el Gobierno municipal, aunque solo sea la labor divulgativa, informativa, la labor de comunicación con las partes directamente afectadas, que son el vecindario y los comerciantes de la zona.*

*No vamos a votar en contra a pesar de estos argumentos por responsabilidad, porque somos conscientes de que este es un equipamiento clave para la ciudad, pero no podemos votar a favor dudando de ese uso lucrativo, a pesar de las explicaciones, que se le van a dar a más de los 5.000 m<sup>2</sup> que van a convertir la necesidad de servicios en esa infraestructura, entendemos nosotros, que en un nuevo centro comercial de los que antes de fracasar —muchos de ellos ya en esta ciudad— arruinaron al pequeño y mediano comercio de la zona. Porque nadie niega la posibilidad de dotaciones para satisfacer las necesidades de las personas viajeras que recaigan en la intermodal —cafeterías, prensa, estafetas de mensajería, servicios de taquillas, qué digo yo—, pero de ahí a convertirlo en un*

convertilo nun centro comercial unha zona de servizos hai un mundo, un mundo que xa ten colapsada a nosa cidade, un mundo que fai perigar, como así denuncian desde Os Mallos os pequenos e medianos comercios, así tamén como a socialización no barrio, precisamente ademais tras aprobar nos orzamentos deste ano un estudo para promover a revitalización dos baixos baleiros e que baixo o título de “Mover os baixos” trata de darlle resposta a unha cruel realidade da nosa cidade: o peche do comercio de cercanía. Primeiro alimentamos monstros e logo gastamos o diñeiro en tiritas para as feridas que causan.

Todas estas dudas que amosa publicamente o presidente da Asociación veciñal, que amosa o barrio, que amosan os comerciantes, son as que temos, as facemos nosas, e son as que nos moven hoxe neste asunto a abstermos.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

### **Señora Veira González**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día ós membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, a xornalistas e ós xornalistas dos medios de comunicación que darán conta desta sesión e ó público asistente e que nos sigue por internet.

Queremos mandar un saúdo á veciñanza de Elviña afectada polo Parque Ofimático que se atopaba na praza, tamén ó persoal da industria, ó persoal do metal que hoxe afronta unha xornada

*centro comercial una zona de servicios hay un mundo, un mundo que ya tiene colapsada nuestra ciudad, un mundo que hace peligrar, como así denuncian desde Os Mallos los pequeños y medianos comercios, así también como la socialización en el barrio, precisamente además tras aprobar en los presupuestos de este año un estudio para promover la revitalización de los bajos vacíos y que bajo el título de “Mover los bajos” trata de darle respuesta a una cruel realidad de nuestra ciudad: el cierre del comercio de proximidad. Primero alimentamos monstros y luego gastamos el dinero en tiritas para las heridas que causan.*

*Todas estas dudas que muestra públicamente el presidente de la Asociación vecinal, que muestra el barrio, que muestran los comerciantes, son las que tenemos, las hacemos nuestras, y son las que nos mueven hoy en este asunto a abstenernos.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

### **Señora Veira González**

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, a periodistas y a los periodistas de los medios de comunicación que darán cuenta de esta sesión y al público asistente y que nos sigue por internet.*

*Queremos mandar un saludo al vecindario de Elviña afectado por el Parque Ofimático que se encontraba en la plaza, también al personal de la industria, al personal del metal que hoy afronta una*

de folga por un convenio digno e tamén un saúdo ás traballadoras e ós traballadores de Alu Ibérica, esa empresa que por falta de intervención pública, pero tamén pola neglixencia dos seus xestores, está hoxe... pois afronta a súa defunción directamente, unha ausencia dunha intervención pública por parte do goberno máis progresista da historia, pero tamén pola ausencia de políticas da Xunta de Galiza. Grazas á falta de intervención e de políticas, hoxe en día unha industria que podería ter futuro, está a morrer.

No que ten a ver co asunto da modificación do PXOM nos ámbitos onde vai estar situada a intermodal, en primeiro lugar, do mesmo xeito que no Pleno de aprobación inicial, queremos recoñecer a mellora que supón fronte ó PXOM de 2013, que recollía as determinacións do convenio de 2009. Ese convenio, e o que logo reflicte o PXOM de 2013, tiña como obxectivo construír un polígono residencial —20.000 m<sup>2</sup>—, recollía usos terciarios en 50.000 m<sup>2</sup> e usos hoteleiros en 10.000 m<sup>2</sup>, e tamén unha estación intermodal, un proxecto hiperdimensionado que pouco tiña que ver —parécenos desde o BNG— cun interese real de promover a intermodalidade e a mobilidade alternativa ó vehículo particular. Afortunadamente, a burbulla dese escenario desínflase logo de catro anos de goberno do Partido Popular na Coruña, na Xunta e no Goberno central, no que non se moveu nin un só papel da intermodal, no pasado mandato comeza a falarse dun outro modelo de estación intermodal máis axustado, diálogos que aconteceron non só en confronto de modelos e logo de moitas conversas entre administracións, algunhas, sen dúbida, máis duras de levar que outras, e para exemplo Adif, que foi sacando algunhas cuestións polo camiño nunha idea economicista da xestión das infraestruturas ferroviarias en termos

*jornada de huelga por un convenio digno y también un saludo a las trabajadoras y a los trabajadores de Alu Ibérica, esa empresa que por falta de intervención pública, pero también por el descuido de sus gestores, está hoy... pues afronta su defunción directamente, una ausencia de una intervención pública por parte del gobierno más progresista de la historia, pero también por la ausencia de políticas de la Xunta de Galicia. Gracias a la falta de intervención y de políticas, hoy una industria que podría tener futuro, se está muriendo.*

*En relación al asunto de la modificación del PGOM en los ámbitos donde va a estar ubicada la intermodal, en primer lugar, al igual que en el Pleno de aprobación inicial, queremos reconocer la mejora que supone frente al PGOM de 2013, que recogía las determinaciones del convenio de 2009. Ese convenio, y lo que luego refleja el PGOM de 2013, tenía como objetivo construir un polígono residencial —20.000 m<sup>2</sup>—, recogía usos terciarios en 50.000 m<sup>2</sup> y usos hoteleros en 10.000 m<sup>2</sup>, y también una estación intermodal, un proyecto hiperdimensionado que poco tenía que ver —nos parece desde el BNG— con un interés real de promover la intermodalidad y la movilidad alternativa al vehículo particular. Afortunadamente, la burbuja de ese escenario se desinfla después de cuatro años de gobierno del Partido Popular en A Coruña, en la Xunta y en el Gobierno central, en el que no se movió ni un solo papel de la intermodal, en el pasado mandato comienza a hablarse de otro modelo de estación intermodal más ajustado, diálogos que sucedieron no solo en la comparación de modelos y después de muchas conversaciones entre administraciones, algunas, sin duda, más duras de llevar que otras, y para ejemplo Adif, que fue sacando algunas cuestiones por el camino en una idea economicista de la gestión de las infraestructuras ferroviarias en términos casi puramente de rentabilidad*

case puramente de rendibilidade económica, sen ter en conta outros factores e parámetros de rendibilidade social, ambiental ou de cohesión territorial, cuestións nas que non cede, á vista dos informes recollidos neste expediente.

Mais con todo, hoxe en día temos unha formulación algo distinta. Elimínanse a totalidade de metros cadrados de uso residencial e a totalidade dos 10.000 de hoteleiro, e 45.000 de terciario, pero mantéñense 5.100 en aplicación do convenio, e a nova ficha do PXOM recolle o uso dos 5.100 m<sup>2</sup> de complementarios de carácter lucrativo e até un 50 % das superficies de edificabilidade para usos industriais, comerciais e de servizos asociados ó ferroviario, o que se traduciría nuns 7.400 m<sup>2</sup> que calcula Adif. É o Adif o que exemplifica nos casos de Chamartín, Madrid, ou Murcia o que se fai nestes lugares con eses metros cadrados. O certo é que ese 50 % de usos complementarios que están regulados na Lei do sector ferroviario son pouco concretos a respecto dos usos que se admiten. A propia Lei é pouco concreta a respecto deses usos, non?, pero eses exemplos que pon o Adif, de Murcia, de Chamartín e de Madrid, pois resulta que nas súas fichas do PXOM recolle exactamente que usos están permitidos, e nós, na nosa ficha do PXOM, non o facemos, e nós propuxemos e pedimos no mandato no que se aprobou inicialmente esta modificación do PXOM que si se recollesen e que fosen transparentes á respecto do que se quere facer neses metros cadrados, non? e a verdade é que neste trámite, nesta aprobación inicial, a provisional, iso non aconteceu.

E ademais vemos que hai pouca transparencia respecto do Adif e preocúpanos porque non sabemos o que van facer con eses 5.100 m<sup>2</sup> de uso

*económica, sin tener en cuenta otros factores y parámetros de rentabilidad social, ambiental o de cohesión territorial, cuestiones en las que no cede, a la vista de los informes recogidos en este expediente.*

*Pero con todo, hoy tenemos un planteamiento algo distinto. Se eliminan la totalidad de metros cuadrados de uso residencial y la totalidad de los 10.000 de hotelero, y 45.000 de terciario, pero se mantienen 5.100 en aplicación del convenio, y la nueva ficha del PGOM recoge el uso de los 5.100 m<sup>2</sup> de complementarios de carácter lucrativo y hasta un 50 % de las superficies de edificabilidad para usos industriales, comerciales y de servicios asociados al ferroviario, lo que se traduciría en unos 7.400 m<sup>2</sup> que calcula Adif. Es el Adif el que ejemplifica en los casos de Chamartín, Madrid, o Murcia lo que se hace en estos lugares con esos metros cuadrados. Lo cierto es que ese 50 % de usos complementarios que están regulados en la Ley del sector ferroviario son poco concretos respecto a los usos que se admiten. La propia Ley es poco concreta respecto a esos usos, ¿no?, pero esos ejemplos que pone el Adif, de Murcia, de Chamartín y de Madrid, pues resulta que en sus fichas del PGOM recoge exactamente qué usos están permitidos, y nosotros, en nuestra ficha del PGOM, no lo hacemos, y nosotros propusimos y pedimos en el mandato en el que se aprobó inicialmente esta modificación del PGOM que sí se recogieran y que fueran transparentes respecto a lo que se quiere hacer en esos metros cuadrados, ¿no? y la verdad es que en este trámite, en esta aprobación inicial, la provisional, eso no sucedió.*

*Y además vemos que hay poca transparencia respecto a Adif y nos preocupa porque no sabemos lo que van a hacer con esos 5.100 m<sup>2</sup> de uso lucrativo,*

lucrativo, e a verdade é que nos preocupaba na aprobación inicial e preocúpanos agora que non se queira recoller máis polo miúdo o que se quere ou o que se quere permitir ou non dentro desa superficie. Non está claro nesta aprobación provisional como non estaba na aprobación inicial, como dicía, e son moitos metros cadrados que van ter moito impacto na contorna do barrio dos Mallos. Non nos serve a argumentación recollida nos informes que contén o expediente que vén hoxe a Pleno, que di que a propia intermodal per se a intermodal, —o complexo da intermodal, ademais di a documentación— vai a ter per se un impacto positivo nos Mallos. Se os 5.100 m<sup>2</sup> de uso lucrativo se empregan para construír unha superficie comercial, o impacto da intermodal non vai ser igual que se se dedicase a outros usos, e iso non o vamos a ver, porque eses metros cadrados vains ter Adif para facer o que queira, porque non está recollido no PXOM, nin restrinxidos no PXOM, os usos deses (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) 5.000 m<sup>2</sup>.

Desde o BNG pensamos que o comercio que persiste, resiste e tece barrio nos Mallos merece transparencia e a exigencia e defensa do seu Goberno local. Por todo isto ímonos abster.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira, grazas ó BNG.

Turno da Marea Atlántica, señor Martínez.

### **Señor Martínez Durán**

Sí. Moi bo día a todos e a todas, alcaldesa, compañeiros e compañeiras de Corporación, profesionais dos medios de comunicación, persoal municipal,

*y la verdad es que nos preocupaba en la aprobación inicial y los preocupa ahora que no se quiera recoger más pormenorizadamente lo que se quiere o lo que se quiere permitir o no dentro de esa superficie. No está claro en esta aprobación provisional como no estaba en la aprobación inicial, como decía, y son muchos metros cuadrados que van a tener mucho impacto en el entorno del barrio de Os Mallos. No nos sirve la argumentación recogida en los informes que contiene el expediente que viene hoy a Pleno, que dice que la propia intermodal, per se la intermodal, —el complejo de la intermodal, además dice la documentación— va a tener per se un impacto positivo en Os Mallos. Si los 5.100 m<sup>2</sup> de uso lucrativo se emplean para construir una superficie comercial, el impacto de la intermodal no va a ser igual que si se dedicara a otros usos, y eso no lo vamos a ver, porque esos metros cuadrados los va a tener Adif para hacer lo que quiera, porque no está recogido en el PGOM, ni restringidos en el PGOM, los usos de esos (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) 5.000 m<sup>2</sup>.*

*Desde el BNG pensamos que el comercio que persiste, resiste y teje barrio en Os Mallos merece transparencia y la exigencia y defensa de su Gobierno local. Por todo esto nos vamos a abstener.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Veira, gracias al BNG.*

*Turno de la Marea Atlántica, señor Martínez.*

### **Señor Martínez Durán**

*Sí. Muy buenos días a todos y a todas, alcaldesa, compañeros y compañeras de Corporación, profesionales de los medios de comunicación, personal municipal,*

veciños e veciñas que nos seguen a través do *streaming*, e un saúdo en nome do meu Grupo para as afectadas e os afectados de Elviña, que estaban manifestándose unha vez máis, un pleno máis, xa son anos, na porta do Concello. Prégolle á alcaldesa que as reciba, que os reciba e que se lle dea unha pronta solución, cumprindo, ademais, os compromisos asinados ó inicio deste mandato para a súa investidura.

**Ás dez horas e trinta e un minutos sae do Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.**

Hoxe damos un paso máis na tramitación urbanística da futura intermodal coa aprobación inicial desta modificación puntual do planeamento, un proxecto para o que, grazas ó acordo orzamentario acadado entre o Partido Socialista e a Marea Atlántica, vai coa dotación económica suficiente este ano para que, en caso de que se cumpran os prazos, as administracións implicadas comecen as obras. E aquí acaban as boas noticias.

Volvemos a ter un pleno cun único asunto. Podemos dicir, á vista dos escasos cambios con respecto ó trámite anterior, que é case de trámite. Porfiamos, digamos, nunha tramitación atropelada. As alegacións a esta modificación de planeamento foron respondidas e desestimadas por capítulos, nalgún caso nun debate que non era o da propia tramitación urbanística, senón de aprobación dun convenio. A Marea Atlántica, como o único grupo municipal que tivo a ben presentar alegacións, non é que nos moleste porque nos afecte directamente, é que este tipo de atropelo na tramitación adoita traducirse nun déficit democrático e ás veces tamén en inseguridade xurídica.

E ademais imos... bueno, adianto que

*vecinos y vecinas que nos siguen a través de la retransmisión en directo, y un saludo en nombre de mi Grupo para las afectadas y los afectados de Elviña, que estaban manifestándose una vez más, un pleno más, ya son años, en la puerta del Ayuntamiento. Le ruego a la alcaldesa que las reciba, que los reciba y que se le dé una pronta solución, cumpliendo, además, los compromisos firmados al inicio de este mandato para su investidura.*

***A las diez horas y treinta y un minutos sale del Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.***

*Hoy damos un paso más en la tramitación urbanística de la futura intermodal con la aprobación inicial de esta modificación puntual del planeamiento, un proyecto para el cual, gracias al acuerdo presupuestario conseguido entre el Partido Socialista y la Marea Atlántica, va con la dotación económica suficiente este año para que, en caso de que se cumplan los plazos, las administraciones implicadas comiencen las obras. Y aquí acaban las buenas noticias.*

*Volvemos a tener un pleno con un único asunto. Podemos decir, a la vista de los escasos cambios con respecto al trámite anterior, que es casi de trámite. Porfiamos, digamos, en una tramitación atropellada. Las alegaciones a esta modificación de planeamiento fueron respondidas y desestimadas por capítulos, en algún caso en un debate que no era el de la propia tramitación urbanística, sino de aprobación de un convenio. La Marea Atlántica, como el único grupo municipal que tuvo a bien presentar alegaciones, no es que nos moleste porque nos afecte directamente, es que este tipo de atropello en la tramitación suele traducirse en un déficit democrático y a veces también en inseguridad jurídica.*

*Y además vamos... bueno, adelanto que*

dende a Marea Atlántica non imos poñer obstáculos á aprobación provisional desta modificación puntual. Na medida en que se desestiman as nosas alegacións, evidentemente tampouco imos votar a favor. Non nos pidan que manifestemos entusiasmo cando se desestiman as nosas alegacións, que ademais cremos que son de xustiza e que eran útiles, e que melloraban este proxecto e o futuro equipamento.

Este expediente está inzado de contradicións que nos podían ter aforrado e ademais podían ter adelgazado o expediente se dixesen ó comezo —e sería lexítimo—: o Goberno municipal decide aceptar todas e cada unha das exixencias de Adif porque, malia que poden ou non poden ser xustas, poden ou non poden ser útiles, poden ou non poden ser beneficiosas para o interese xeral, este goberno municipal prioriza que o expediente se mova ou que o proxecto avance. Creo que eso sería o honesto, sería transparente. Nós poderíamos discrepar, pero sería honesto. Como non escolleron esa vía da transparencia e da claridade, acaban incorrendo nunha cascada de contradicións.

Asumen todos os incrementos de usos lucrativos non estritamente ferroviarios e nalgún caso ademais susceptibles de seren vendidos no futuro, pero non só os asumen, é que enriba os xustifican con argumentos tan peregrinos —que constan no expediente, non estou inventando nada— como equiparar un centro comercial cunha actividade innovadora vinculada ó coñecemento e a investigación científicas. Isto está no expediente para xustificar o incremento de usos comerciais que a propia Adif —e así consta tamén no expediente— xustifica só con un argumento: obter rendemento económico para minorar o investimento público, e isto —xa o

*Presentamos en esta moción una serie de actuaciones de toda índole, sin ánimo de ser exhaustivos, pensando en la reordenación de la fachada de la ría y en la continuidad del paseo que conectaría la playa de Oza con el puente de A Pasaxe. Nuestra pretensión fue compilar la presencia de los elementos patrimoniales y analizar su estado de conservación para presentar una radiografía ajustada a las cuestiones de las que adolece el barrio en materia urbanística, paisajística, movilidad, servicios públicos o de seguridad ciudadana, animal y ambiental, entre otras. Deficiencias, demandas y necesidades que deben ser atendidas y acometidas según su naturaleza por su Gobierno, señora Rey. Me gustaría obtener el compromiso irrenunciable de nuestra alcaldesa, de nuestra alcaldesa y de todos los miembros de la Corporación. Un compromiso con el barrio, con A Coruña, para que la identidad cultural marítima de este terreno no se pierda. Pero lo sé. Sé que no estoy siendo realista. Sé de la suerte que corren las promesas que hace nuestra alcaldesa. Sé de lo poco que vale la palabra de algunas personas aquí presentes. Lo sé. Claro que lo sé. Pero iría en contra de mi persona y en*

do compromiso que adquirín cos meus veciños e coa miña cidade se non o fago. Porque para min a palabra si é compromiso, si é confianza e si é importante.

Precisamos dun amplo exercicio de dignidade colectiva de toda A Coruña no coidado do que ela mesma creou, e precisamos dun magno exercicio de autoestima das Xubias no que a ela lle pertence. A Coruña debe ser consciente do legado do seu pasado e debe comprometerse con el como aposta de futuro. Boa parte deste legado está asentado nas Xubias. É por iso que, para que o patrimonio arquitectónico e cultural mariñeiro, e para que as xeracións actuais e vindeiras podamos desfrutalo, esta zona debe ser tratada como un ben histórico protexido e tutelado polo Concello da Coruña, polo que espero contar co voso apoio.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Cendán.

Turno para a concelleira non adscrita, señora Faraldo.

### **Señora Faraldo Calvo**

Chama a atención, por unha banda, que o PP coruñés faga un alegato a través desta moción da defensa do noso rural mariñeiro, como definen ás Xubias, sendo como ben din un lugar privilexiado no que atopamos o que podería ser o mellor miradoiro orientado á ría e á praia de Santa Cristina, pero por outra banda subscriban e defendan os proxectos que o PP autonómico trata de implementar nesa zona. Non so coa pasarela sobre a ría, como un monstro medioambiental, senón co scalextric que pretenden construír de acceso ao que

*contra del compromiso que adquirí con mis vecinos y con mi ciudad si no lo hago. Porque para mí la palabra sí es compromiso, sí es confianza y sí es importante.*

*Precisamos de un amplio ejercicio de dignidad colectiva de toda A Coruña en el cuidado de lo que ella misma creó, y precisamos de un magno ejercicio de autoestima de As Xubias en lo que a ella le pertenece. A Coruña debe ser consciente del legado de su pasado y debe comprometerse con él como apuesta de futuro. Buena parte de este legado está asentado en As Xubias. Es por eso que, para que el patrimonio arquitectónico y cultural marinero, y para que las generaciones actuales y próximas podamos disfrutarlo, esta zona debe ser tratada cómo uno bien histórico protegido y tutelado por el Ayuntamiento de A Coruña, por lo que espero contar con vuestro apoyo.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Cendán.*

*Turno para la concejala no adscrita, señora Faraldo.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Llama la atención, por una parte, que el PP coruñés haga un alegato a través de esta moción de la defensa de nuestro rural marinero, como definen a As Xubias, siendo como bien dicen un lugar privilegiado en el que encontramos lo que podría ser el mejor mirador orientado a la ría y a la playa de Santa Cristina, pero por otra parte suscriban y defiendan los proyectos que el PP autonómico trata de implementar en esa zona. No solo con la pasarela sobre la ría, como un monstruo medioambiental, sino con el scalextric que pretenden construir de acceso a lo que*

chaman o novo hospital da Coruña, que non vai ser outra cousa que unha tamén monstruosa e agobiante ampliación, que vai a condenar ao hospital a un longo sacrificio polas obras, e á cidade a acabar tendo un hospital cunha accesibilidade impropia do século XXI.

Ese scalextric, ademais, suporá un mamotreto de infraestrutura, coa deshumanización dunha zona que quedará enterrada baixo esa mole de formigón, precisamente ese barrio do noso rural mariñeiro. Así que, unha vez máis, o PP nos dá unha de cal e outra de area. Pero como, por outra parte, negarse ás medidas expostas, se ademais van precedidas por un título como “mellorar a calidade dos veciños e veciñas das Xubias”? Claro que todas as medidas terían que ser asumidas polo Concello e acometidas nos tempos que se precisen desde un compromiso firme co barrio. Parécennos todas elas acaídas e ben traídas, no sentido de darlle a esa zona da cidade as repostas ante demandas concretas, que apelan a temas como salubridade, rehabilitación, labores de limpeza, acondicionamento das praias, mellorar accesos. Só hai unha medida que non pode plantexarse desde razóns estéticas, senón puramente éticas: o desalojo do asentamento chabolista.

**Ás dezaseis horas e trinta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.**

Este desalojo —sendo como é inevitable, ao estar en dominio público— hai que lembrar que non foi un terreo ocupado, senón un realoxo planificado polo Concello en 1986, e acordado coa propietaria, a Condesa de Fenosa, para liberar a Cubela. Tras a alternativa dada nos últimos tempos a 33 familias, na actualidade non chegan a unha docena de unidades familiares por realoxar. Finalizar o proceso si, pero

*llaman el nuevo hospital de A Coruña, que no va a ser otra cosa que una también monstruosa y agobiante ampliación, que va a condenar al hospital a un largo sacrificio por las obras, y a la ciudad a acabar teniendo un hospital con una accesibilidad impropia del siglo XXI.*

*Ese scalextric, además, supondrá un mamotreto de infraestructura, con la deshumanización de una zona que quedará enterrada bajo esa mole de hormigón, precisamente ese barrio de nuestro rural marinerero. Así que, una vez más, el PP nos da una de cal y otra de arena ¿Pero cómo, por otra parte, negarse a las medidas expuestas, si además van precedidas por un título como “mejorar la calidad de los vecinos y vecinas de As Xubias”? Claro que todas las medidas tendrían que ser asumidas por el Ayuntamiento y acometidas en los tiempos que se precisen desde un compromiso firme con el barrio. Nos parecen todas ellas apropiadas y bien traídas, en el sentido de darle a esa zona de la ciudad las repuestas ante demandas concretas, que apelan a temas como salubridad, rehabilitación, labores de limpieza, acondicionamiento de las playas, mejorar accesos. Solo hay una medida que no puede plantearse desde razones estéticas, sino puramente éticas: el desalojo del asentamiento chabolista.*

**A las dieciséis horas y treinta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.**

*Este desalojo —siendo como es inevitable, al estar en dominio público— hay que recordar que no fue un terreno ocupado, sino un realoxo planificado por el Ayuntamiento en 1986, y acordado con la propietaria, la Condesa de Fenosa, para liberar a Cubela. Tras la alternativa dada en los últimos tiempos a 33 familias, en la actualidad no llegan a una docena de unidades familiares por realoxar. Finalizar el proceso sí, pero cuando*

cando estamos a falar de persoas, os tempos e os compases son importantes, e neste punto cremos que non se debe tratar coa celeridade coa que si se podería falar para o resto da moción. É dicir, este punto en concreto é un punto e aparte.

En todo caso, sendo o conxunto da moción medidas que facilitan e melloran a vida da veciñanza dun barrio, como é o barro das Xubias, vou a votar a favor.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o BNG. Señor Jorquera.

### **Señor Jorquera Caselas**

Grazas.

Neste Pleno falamos antes da pasarela que uniría As Xubias con Santa Cristina. Á marxe doutros argumentos, como di o noso refraneiro, non se debe poñer o carro antes que os bois, e antes de falar de pasarelas, hai que rexenerar a ría do Burgo, e tamén o seu bordo litoral no termo municipal da Coruña. Por ese motivo parécenos en cambio positivo que o PP presente unha moción que aborde esta cuestión. O bordo litoral entre a praia de Oza e a ponte da Pasaxe é un espazo de grande beleza paisaxística e de grande valor ambiental, do mesmo xeito que o núcleo das Xubias ten un valor histórico e patrimonial innegable. Pese a estar moi preto da cidade da Coruña, mantén case intacta a súa fisionomía de núcleo mariñeiro, e como di a exposición de motivos da moción, debería de ser tratado como un ben histórico protexido e tutelado polo Concello da Coruña. Porén, esta franxa litoral de dous quilómetros presenta un estado de importante degradación, e As

*estamos hablando de personas, los tiempos y los compases son importantes, y en este punto creemos que no se debe tratar con la celeridad con la que sí se podría hablar para el resto de la moción. Es decir, este punto en concreto es un punto y aparte.*

*En todo caso, siendo el conjunto de la moción medidas que facilitan y mejoran la vida de la vecindad de un barrio, como es el barro de As Xubias, voy a votar a favor.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el BNG. Señor Jorquera.*

### **Señor Jorquera Caselas**

*Gracias.*

*En este Pleno hemos hablado antes de la pasarela que uniría As Xubias con Santa Cristina. Al margen de otros argumentos, como dice nuestro refranero, no se debe poner el carro antes que los bueyes, y antes de hablar de pasarelas, hay que regenerar la ría del Burgo, y también su borde litoral en el término municipal de A Coruña. Por ese motivo nos parecen en cambio positivo que el PP presente una moción que aborde esta cuestión. El borde litoral entre la playa de Oza y el puente de A Pasaxe es un espacio de grande belleza paisajística y de grande valor ambiental, al igual que el núcleo de As Xubias tiene un valor histórico y patrimonial innegable. Pese a estar muy cerca de la ciudad de A Coruña, mantiene casi intacta su fisonomía de núcleo marino, y como dice la exposición de motivos de la moción, debería de ser tratado como un bien histórico protegido y tutelado por el Ayuntamiento de A Coruña. Sin embargo, esta franja litoral de dos kilómetros presenta un estado de importante*

Xubias parece máis ben un núcleo esquecido, unha illa cercada por infraestruturas como a AC-12 e os hospitais cercanos, desconectado do resto do termo municipal. Por iso coincidimos en que é fundamental rehabilitar a fachada marítima, o núcleo das Xubias, os elementos patrimoniais e edificios públicos abandonados, dándolles un novo uso, e coincidimos tamén en que hai que acelerar, con tal fin, a modificación do plan xeral.

Polo demais, algunhas das propostas contidas na moción foron tamén trasladadas a Pleno polo BNG. É o caso da demolición da estrutura do edificio inacabado no lugar das Xubias de Arriba. Alén do seu impacto paisaxístico e de ser un foco de suciedade, constitúe un risco para a seguranza das persoas, tanto polo perigo de que se produzan desprendementos, como porque hai veces que nenos e persoas mozas utilizan este espazo como lugar de xogos ou encontro.

A moción fala de finalizar o proceso de desaloxo do asentamento chabolista na antiga conserveira Celta, e aquí gustaríanos tamén introducir un matiz. Non se acaba co chabolismo simplemente desaloxando, hai que impulsar políticas que favorezan a inserción laboral e social e procurar solucións habitacionais.

Pero ao respecto da antiga conserveira Celta, quixera facer tamén outro apuntamento. O Concello anunciou o proxecto de crear unha base náutica nos terreos dos antigos estaleiros Valiña, e a moción alude a iso. Non temos nada en contra, porén, o uso dese emprazamento como base náutica presenta algunhas limitacións. A súa cercanía á dársena pesqueira de Oza limita a zona de adestramento, pois as embarcacións deportivas non poden achegarse á zona de amarre dos barcos de pesca. Ademais,

*degradación, y As Xubias parece más bien un núcleo olvidado, una isla cercada por infraestructuras como la AC-12 y los hospitales cercanos, desconectado del resto del término municipal. Por eso coincidimos en que es fundamental rehabilitar la fachada marítima, el núcleo de As Xubias, los elementos patrimoniales y edificios públicos abandonados, dándoles un nuevo uso, y coincidimos también en que hay que acelerar, con tal fin, la modificación del plan general.*

*Por lo demás, algunas de las propuestas contenidas en la moción fueron también trasladadas a Pleno por el BNG. Es el caso de la demolición de la estructura del edificio inacabado en el lugar de As Xubias de Arriba. Más allá de su impacto paisajístico y de ser un foco de suciedad, constituye un riesgo para la seguridad de las personas, tanto por el peligro de que se produzcan desprendimientos, como porque hay veces que niños y personas jóvenes utilizan este espacio como lugar de juegos o encuentro.*

*La moción habla de finalizar el proceso de desalojo del asentamiento chabolista en la antigua conservera Celta, y aquí nos gustaría también introducir un matiz. No se acaba con el chabolismo simplemente desalojando, hay que impulsar políticas que favorezcan la inserción laboral y social y buscar soluciones habitacionales.*

*Pero con respecto a la antigua conservera Celta, querría hacer también otro apunte. El Ayuntamiento anunció el proyecto de crear una base náutica en los terrenos de los antiguos astilleros Valiña, y la moción alude a eso. No tenemos nada en contra, sin embargo, el uso de ese emplazamiento como base náutica presenta algunas limitaciones. Su cercanía a la dársena pesquera de Oza limita la zona de entrenamiento, pues las embarcaciones deportivas no pueden acercarse a la zona de amarre de los barcos de pesca.*

a súa proximidade á boca da Barra, na entrada ao que é propiamente a ría do Burgo, unha zona de fortes correntes onde se produce un cruzamento de mareas, fai que sexa impracticábel para determinadas embarcacións. Esta última limitación fai que non sexa acaída para determinadas modalidades de piragüismo, nin tampouco para a práctica do remo olímpico, e por esa razón o Grupo Municipal do BNG ten proposto a creación dunha base para estas modalidades de remo e piragüismo precisamente nos terreos da antiga conserveira Celta, porque, segundo nos din todos os deportistas destas modalidades e técnicos, reúne todas as condicións idóneas.

Mais á marxe destes apuntamentos, coincidindo coas críticas feitas pola anterior voceira a algúns dos plans da Xunta para esta área, e pese aos matices introducidos, no seu conxunto a moción parécenos positiva e por esa razón o Grupo Municipal do BNG votará a favor.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica. Señora Delso.

### **Señora Delso Carreira**

Si. Ola de novo.

Nós tamén votaremos a favor sobre esta moción que recolle bastantes das demandas que ten o barrio das Xubias, unha pequena xoia da nosa cidade, un dos poucos espazos que seguen mantendo unha íntima relación co mar.

Chama moito a atención, efectivamente, que sexa o Partido Popular o que faga

*Además, su proximidad a la boca de la Barra, en la entrada a lo que es propiamente la ría del Burgo, una zona de fuertes corrientes donde se produce un cruce de mareas, hace que sea impracticable para determinadas embarcaciones. Esta última limitación hace que no sea apropiada para determinadas modalidades de piragüismo, ni tampoco para la práctica del remo olímpico, y por esa razón el Grupo Municipal del BNG ha propuesto la creación de una base para estas modalidades de remo y piragüismo precisamente en los terrenos de la antigua conservera Celta, porque, según nos dicen todos los deportistas de estas modalidades y técnicos, reúne todas las condiciones idóneas.*

*Pero al margen de estas precisiones, coincidiendo con las críticas hechas por la anterior portavoz a algunos de los planes de la Xunta para esta área, y pese a los matices introducidos, en su conjunto la moción nos parecen positiva y por esa razón el Grupo Municipal del BNG votará a favor.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la Marea Atlántica. Señora Delso.*

### **Señora Delso Carreira**

*Sí. Hola de nuevo.*

*Nosotros también votaremos a favor sobre esta moción que recoge bastantes de las demandas que tiene el barrio de As Xubias, una pequeña joya de nuestra ciudad, uno de los pocos espacios que siguen manteniendo una íntima relación con el mar.*

*Llama mucho la atención, efectivamente, que sea el Partido Popular el que haga*

unha férrea defensa deste recuncho do bordo litoral. Benvido sexa, en todo caso, pero que a defensa sexa para todo o bordo litoral, tamén para os peiraos interiores e o seu futuro, polos que non deberíamos pagar e que deben manter a titularidade pública, e tamén para calquera proxecto que pretenda mellorar, por exemplo, a mobilidade metropolitana, chámese pasarela ou chámese como sexa.

**Ás dezaseis horas e trinta e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

Alá polo ano 2009, o proxecto da Cidade dos Barrios analizaba e atendía, entre outros, as características do barrio das Xubias, así como as súas necesidades, en colaboración coa veciñanza, no que ao urbanismo e á utilización de espazos públicos se refire.

No ano 2010, o COAG, en colaboración co grupo de traballo Dodó, abrían tamén, a través do barrio das Xubias, unha reflexión sobre o modelo de recuperación dos bordos marítimos da cidade. Doce anos despois esta reflexión segue plenamente vixente. O proxecto da Cidade dos Barrios foi, sen dúbida, un dos proxectos de análise urbanística e do urbanismo participativo máis interesante realizado na cidade en aqueles anos, e abriu debates imprescindibles que co paso do tempo non fixeron máis que reafirmar. Entre eles, a reivindicación do porto e do bordo litoral como elementos fundamentais da cidade, en cuxo deseño a veciñanza debe participar. Unha maneira de entender o territorio que responda a un modelo que estea máis relacionado cun proxecto de cidade que cunha oportunidade exclusiva de negocio ou de especulación urbanística ou meramente electoral, como a que debatemos fai un anaco ao respecto da dichosa pasarela.

*una férrea defensa de este rincón del borde litoral. Bienvenido sea, en todo caso, pero que la defensa sea para todo el borde litoral, también para los muelles interiores y su futuro, por los que no deberíamos pagar y que deben mantener la titularidad pública, y también para cualquier proyecto que pretenda mejorar, por ejemplo, la movilidad metropolitana, llámese pasarela o llámese como sea.*

***A las dieciséis horas y treinta y siete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

*Allá por el año 2009, el proyecto de la Ciudad de los Barrios analizaba y atendía, entre otros, las características del barrio de As Xubias, así como sus necesidades, en colaboración con la vecindad, en lo que al urbanismo y a la utilización de espacios públicos se refiere.*

*En el año 2010, el COAG, en colaboración con el grupo de trabajo Dodó, abrían también, a través del barrio de As Xubias, una reflexión sobre el modelo de recuperación de los bordes marítimos de la ciudad. Doce años después esta reflexión sigue plenamente vigente. El proyecto de la Ciudad de los Barrios fue, sin duda, uno de los proyectos de análisis urbanístico y del urbanismo participativo más interesante realizado en la ciudad en aquellos años, y abrió debates imprescindibles que con el paso del tiempo no hicieron más que reafirmar. Entre ellos, la reivindicación del puerto y del borde litoral como elementos fundamentales de la ciudad, en cuyo diseño la vecindad debe participar. Una manera de entender el territorio que responda a un modelo que esté más relacionado con un proyecto de ciudad que con una oportunidad exclusiva de negocio o de especulación urbanística o meramente electoral, como la que debatimos hace un rato con respecto a la dichosa pasarela.*

O barrio das Xubias indudablemente merece atención, merece coidado, e por iso estamos de acordo coas demandas que plantexa. Consideramos que calquera intervención neste ámbito debe facerse con tino e con respecto polas características deste núcleo. Un núcleo excepcional que conta con elementos patrimoniais catalogados, como un pazo de 1750 de sillería de granito, rodeado dunha alta muralla e un interesante escudo heráldico; o conxunto de vivendas tradicionais mariñeiras, construídas entre o 1914 e 1956, con balcóns de madeira pintada e todos os soportais nos baixos. É indudable que As Xubias conforman a outra fachada marítima da cidade e probablemente tamén a máis descoñecida.

As Xubias son un barrio máis e como tal teñen necesidades que cómpre atender. Por iso, dende a Marea Atlántica, esta mesma semana tamén temos presentado alegacións á modificación puntual do Plan Xeral no ámbito da API-S35 da ría do Burgo. É certo que nesta modificación puntual redúcese bastante a edificabilidade da API, pero sobre todo en polígonos onde había sentenzas xudiciais que facían difícilmente edificable o polígono. Sen embargo, segue prevendo a construción de 241 novas vivendas, existindo na actualidade 199, das cales 31 vivendas atópanse neste momento baleiras. Ademais, a nova ordenación propón tipoloxías en bloque residencial en altura, que nada teñen que ver coas morfoloxías dos núcleos tradicionais existentes, de tipoloxía de vivenda unifamiliar. A modificación puntual do PXOM incumpre, así mesmo, os criterios estratéxicos de desenvolvemento urbano sostible, a estratexia EDUSI, a Estratexia do Cambio Climático e a Axenda Urbana 2030.

E máis nada. Votaremos a favor.

*El barrio de As Xubias indudablemente merece atención, merece cuidado, y por eso estamos de acuerdo con las demandas que plantea. Consideramos que cualquier intervención en este ámbito debe hacerse con cuidado y con respeto por las características de este núcleo. Un núcleo excepcional que cuenta con elementos patrimoniales catalogados, como un pazo de 1750 de sillería de granito, rodeado de una alta muralla y un interesante escudo heráldico; el conjunto de viviendas tradicionales marineras, construidas entre el 1914 y 1956, con balcones de madera pintada y todos los soportales en los bajos. Es indudable que As Xubias conforman la otra fachada marítima de la ciudad y probablemente también la más desconocida.*

*As Xubias son un barrio más y como tal tienen necesidades que es necesario atender. Por eso, desde la Marea Atlántica, esta misma semana también hemos presentado alegaciones a la modificación puntual del Plan General en el ámbito de la API- S35 de la ría del Burgo. Es cierto que en esta modificación puntual se reduce bastante la edificabilidad de la API, pero sobre todo en polígonos donde había sentencias judiciales que hacían difícilmente edificable el polígono. Sin embargo, sigue previendo la construcción de 241 nuevas viviendas, existiendo en la actualidad 199, de las cuales 31 viviendas se encuentran en este momento vacías. Además, la nueva ordenación propone tipologías en bloque residencial en altura, que nada tienen que ver con las morfologías de los núcleos tradicionales existentes, de tipología de vivienda unifamiliar. La modificación puntual del PGOM incumple, asimismo, los criterios estratégicos de desarrollo urbano sostenible, la estrategia EDUSI, la Estrategia del Cambio Climático y la Agenda Urbana 2030.*

*Y nada más. Votaremos a favor.*



### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Delso.

Pecha este debate, polo Goberno municipal, o señor Díaz Gallego.

### **Señor Díaz Gallego**

Grazas, señora alcaldesa.

Señora Cendán, moi bucólico o relato do barrio. Unha mágoa que, con criterios de sostibilidade, vaian chantar unha pasarela encima do núcleo.

Anticipar o noso voto favorable á moción presentada polo Grupo Municipal Popular, toda vez que é, nun 90%, unha enumeración de todas as propostas nas que se está a traballar dende o Goberno municipal de Inés Rey e dende os diferentes departamentos para mellorar a zona das Xubias e toda a fronte da ría. Unha vez máis o Grupo Popular traballa a rebufo do Goberno local.

Estamos a favor porque son as nosas propostas. Non as que imaxinamos ou presentamos nun programa electoral, senón as que estamos a executar. Reiterar ademais a nosa benvida ao Partido Popular a 2022. Por primeira vez nunha moción falan de mobilidade sostible, de mobilidade a pé, de mobilidade en bicicleta, de reducir e limitar a velocidade, de implantar un carril bici. Non sei se este cambio está motivado polo novo candidato, o señor Lorenzo, ou que pasou no seu grupo municipal. En todo caso, moi a favor.

Xa se está a traballar na modificación de planeamento na ría, atopándose na actualidade en tramitación ambiental na Xunta de Galicia. Modificación que xa contempla unha maior protección do patrimonio e a planificación da axenda

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Delso.*

*Cierra este debate, por el Gobierno municipal, el señor Díaz Gallego.*

### **Señor Díaz Gallego**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Señora Cendán, muy bucólico el relato del barrio. Una lástima que, con criterios de sostenibilidad, vayan a plantar una pasarela encima del núcleo.*

*Anticipar nuestro voto favorable a la moción presentada por el Grupo Municipal Popular, toda vez que es, en un 90%, una enumeración de todas las propuestas en las que se está trabajando desde el Gobierno municipal de Inés Rey y desde los diferentes departamentos para mejorar la zona de As Xubias y todo el frente de la ría. Una vez más el Grupo Popular trabaja a rebufo del Gobierno local.*

*Estamos a favor porque son nuestras propuestas. No las que imaginamos o presentamos en un programa electoral, sino las que estamos ejecutando. Reiterar además nuestra bienvenida al Partido Popular a 2022. Por primera vez en una moción hablan de movilidad sostenible, de movilidad a pie, de movilidad en bicicleta, de reducir y limitar la velocidad, de implantar un carril bici. No sé si este cambio está motivado por el nuevo candidato, el señor Lorenzo, o que pasó en su grupo municipal. En todo caso, muy a favor.*

*Ya se está trabajando en la modificación de planeamiento en la ría, encontrándose en la actualidad en tramitación ambiental en la Xunta de Galicia. Modificación que ya contempla una mayor protección del patrimonio y la planificación de la agenda*

litoral que ten que conectar a praia de Oza coa ponte da Pasaxe. Permítanme recordar en todo caso, señora Cendán, que o PP se abstivo cando veu a Pleno este asunto. No caso da Pasaxe, nunca ningún goberno se tomou tan en serio a erradicación do poboado chabolista como o de Inés Rey, quedando unha única familia —unha, non unha docena, señora Faraldo— a día de hoxe no poboado, grazas ao traballo inxente da miña compañeira Yoya Neira y de todo o equipo de Benestar Social.

Estase a traballar na mellora dos parques infantís de toda a cidade, e farémolo nas Xubias. Case dous millóns de euros en menos de un ano investidos no plan de parques infantís anunciado pola alcaldesa en xullo de 2021 e posto en marcha ese mesmo mes.

A Cidade dos Barrios está no ADN dos gobernos socialistas, e as políticas para os barrios forman parte do noso día a día. O Goberno de Inés Rey leva investido nos barrios preto de 50 millóns de euros en máis de 300 intervencións de mellora do espazo público e da mobilidade e dos edificios municipais. Tivo, no ano 21, o mellor dato no referente a licitacións e adxudicacións da serie histórica desde o 2011, último ano do anterior mandato con Goberno socialista, e está a traballar día a día coas asociacións de veciños e cos barrios para executar as melloras solicitadas. Imaxínense se estamos a traballar ben, que facemos obras —as obras que o PP pide incluír nos orzamentos— antes de que as pidan, algunhas incluso un ano antes.

A favor, polo tanto, da súas propostas para As Xubias, a favor do traballo que xa imos realizando, e só esperar que o electoralismo do Partido Popular non termine con ese ambiente urbano da ría —ese ben histórico que debe ser protexido e tutelado, como fala a parte

*litoral que tiene que conectar la playa de Oza con el puente de A Pasaxe. Permítanme recordar en todo caso, señora Cendán, que el PP se abstuvo cuando vino a Pleno este asunto. En el caso de A Pasaxe, nunca ningún gobierno se tomó tan en serio la erradicación del poblado chabolista cómo el de Inés Rey, quedando una única familia —una, no una docena, señora Faraldo— a día de hoy en el poblado, gracias al trabajo ingente de mi compañera Yoya Neira y de todo el equipo de Bienestar Social.*

*Se está trabajando en la mejora de los parques infantiles de toda la ciudad, y lo haremos en As Xubias. Casi dos millones de euros en menos de un año invertidos en el plan de parques infantiles anunciado por la alcaldesa en julio de 2021 y puesto en marcha ese mismo mes.*

*La Ciudad de los Barrios está en el ADN de los gobiernos socialistas, y las políticas para los barrios forman parte de nuestro día a día. El Gobierno de Inés Rey lleva invertido en los barrios cerca de 50 millones de euros en más de 300 intervenciones de mejora del espacio público y de la movilidad y de los edificios municipales. Tuvo, en el año 21, el mejor dato en lo referente a licitaciones y adjudicaciones de la serie histórica desde el 2011, último año del anterior mandato con Gobierno socialista, y está trabajando día a día con las asociaciones de vecinos y con los barrios para ejecutar las mejoras solicitadas. Imagínense si estamos trabajando bien, que hacemos obras —las obras que el PP pide incluir en los presupuestos— antes de que las pidan, algunas incluso un año antes.*

*A favor, por lo tanto, de sus propuestas para As Xubias, a favor del trabajo que ya estamos realizando, y solo esperar que el electoralismo del Partido Popular no termine con ese ambiente urbano de la ría —ese bien histórico que debe ser protegido y tutelado, como habla la parte*

expositiva da moción—, situando, sen estudo de alternativas nin paisaxístico nin ambiental, unha pasarela cun grande impacto ambiental diante do barrio.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Non constan emendas a esta moción. Procedemos á votación.

### **Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

Seguidamente, por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre mellorar a calidade de vida dos veciños das Xubias, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Contabilízase así mesmo a abstención de don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG), de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non

*expositiva de la moción—, situando, sin estudio de alternativas ni paisajístico ni ambiental, una pasarela con un gran impacto ambiental delante del barrio.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*No constan enmiendas a esta moción. Procedemos a la votación.*

### **Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular**

*Seguidamente, por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre mejorar la calidad de vida de los vecinos de As Xubias, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Se contabiliza asimismo la abstención de don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG), de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación*

estar presente no momento da votación.

### **Presidencia**

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

### **Acordo**

**88.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular, sobre mellorar a calidade de vida dos veciños das Xubias.**

A Corporación municipal da Coruña en Pleno toma o acordo de instar ao Goberno municipal a:

1. Realizar todas as xestións necesarias para rehabilitar a fachada da ría e darlle continuidade ao paseo que conectaría a praia de Oza coa ponte da Pasaxe:

- Derribar o coñecido "esqueleto" das Xubias, colindante ao CAPD, antigo centro de ensino especial "Santiago Apóstolo"; foco de insalubridade e sede de festas ilegais.

- Finalizar o proceso de desaloxo do asentamento chabolista da Pasaxe, situado nos terreos da conserveira Celta.

- Acometer o proceso de modificación do Plan Xeral, cuxo prazo para a súa posta en marcha rematou en decembro.

- Tomar medidas para a rehabilitación dos edificios públicos para darlles un obxecto de servizo público, como o apeadeiro de Renfe ou o inmovible ao que lle daba uso a antiga asociación de veciños, sede da entidade, entre outros.

- Darlle unha solución ás fincas e naves abandonadas asentadas ao longo

*y no estar presente en el momento de la votación.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

### **Acuerdo**

**88.- Moción del Grupo Municipal del Partido Popular, sobre mejorar la calidad de vida de los vecinos de las Xubias.**

*La Corporación municipal de A Coruña en Pleno toma el acuerdo de instar al Gobierno municipal a:*

*1. Realizar todas las gestiones necesarias para rehabilitar la fachada de la ría y darle continuidad al paseo que conectaría la playa de Oza con el puente de A Pasaxe:*

- *Derribar el conocido "esqueleto" de As Xubias, colindante al CAPD, antiguo centro de enseñanza especial "Santiago Apóstol"; foco de insalubridad y sede de fiestas ilegales.*

- *Finalizar el proceso de desalojo del asentamiento chabolista de A Pasaxe, situado en los terrenos de la conservera Celta.*

- *Acometer el proceso de modificación del Plan General, cuyo plazo para su puesta en marcha finalizó en diciembre.*

- *Tomar medidas para la rehabilitación de los edificios públicos para darles un objeto de servicio público, como el apeadero de Renfe o el inmueble al que le daba uso la antigua asociación de vecinos, sede de la entidad, entre otros.*

- *Darle una solución a las fincas y naves abandonadas asentadas a lo largo*

da ría, realizando labores de limpeza no seu interior e da maleza colindante e intervindo os bens inmobles en estado ruinoso.

- Adecentar o pasadizo baixo a ría do tren.

- Mellorar o acceso á pequena cala, situada na contorna do centro “María Mariño”.

2. Habilitar unha liña de axudas para rehabilitar as vivendas do barrio, co fin de que a veciñanza poida modernizar os seus inmobles.

3. Impulsar a mobilidade sostible a pé e en bicicleta, construíndo beirarrúas, especialmente, na vía principal, habilitando os espazos precisos para a colocación dun carril bici, e limitando a velocidade dos vehículos con bandas rugosas.

4. Adecuar o parque infantil á normativa vixente.

5. Crear unha escola municipal de deportes, especialmente dedicada á promoción dos deportes náuticos, nas instalacións deportivas situadas na praia de Oza.

### **Presidencia**

Rematan aquí as mocións do Partido Popular.

Pasamos xa ás preguntas de resposta oral ao Goberno.

Comezamos pola concelleira non adscrita que presenta unha pregunta. Señora Faraldo.

### **3º. Preguntas de resposta oral.**

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POLA**

*de la ría, realizando labores de limpieza en su interior y de la maleza colindante e interviniendo los bienes inmuebles en estado ruinoso.*

- *Adecentar el pasadizo bajo la ría del tren.*

- *Mejorar el acceso a la pequeña cala, situada en el entorno del centro “María Mariño”.*

*2. Habilitar una línea de ayudas para rehabilitar las viviendas del barrio, con el fin de que la vecindad pueda modernizar sus inmuebles.*

*3. Impulsar la movilidad sostenible a pie y en bicicleta, construyendo aceras, especialmente, en la vía principal, habilitando los espacios precisos para la colocación de un carril bici, y limitando la velocidad de los vehículos con bandas rugosas.*

*4. Adecuar el parque infantil a la normativa vigente.*

*5. Crear una escuela municipal de deportes especialmente dedicada a la promoción de los deportes náuticos, en las instalaciones deportivas ubicadas en la playa de Oza.*

### **Presidencia**

*Finalizan aquí las mociones del Partido Popular.*

*Pasamos ya a las preguntas de respuesta oral al Gobierno.*

*Comenzamos por la concejala no adscrita que presenta una pregunta. Señora Faraldo.*

### **3º. Preguntas de respuesta oral.**

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR LA**

**CONCELLEIRA NON ADSCRITA**  
**D.<sup>a</sup>, ISABEL FARALDO**

**Única. Pregunta de resposta oral sobre o rranxo da estrada que enlaza o conxunto de vivendas de Vio coa estrada de Pocomaco (Avenida Quinta e Terceira).**

**Señora Faraldo Calvo**

Ten pensado o Goberno local arranxar a estrada que enlaza o conxunto de vivendas, o núcleo de vivendas de Vío, coa estrada de Pocomaco —avenida Quinta e Terceira—, solicitado tantas veces pola veciñanza?

**Ás dezaseis horas e corenta e catro minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

**Señor Díaz Gallego**

O Goberno local dará cumprimento a esta petición como xa está a facer con outros núcleos tradicionais da cidade.

**Señora Faraldo Calvo**

Pois, señor Dinís, é hora de pasar das palabras aos feitos.

**Presidencia**

*Espere, espere, espere, non pasa nada. Non é señor Dinís, é señor Díaz, Díaz Gallego. Dinís é o segundo nome, entón é ou don Francisco Dinís ou señor Díaz Gallego. Non pasa nada porque o señor Coira xa o ten aprendido pero eu non teño ningún problema en repetir ata o final do mandato que o señor vai co —ou señora—, vai co apelido, e o don e/ou dona vai co nome, e Dinís, aínda que lles sone a apelido, é nome, Francisco Dinís, como José Manuel ou Rosa María. Son nomes compostos.*

Continúe señora Faraldo.

**CONCEJALA NO ADSCRITA D.<sup>a</sup>**  
**ISABEL FARALDO CALVO**

**Única. Pregunta de respuesta oral sobre el arreglo de la carretera que enlaza el conjunto de viviendas de Vio con la carretera de Pocomaco (Avenida Quinta y Tercera).**

**Señora Faraldo Calvo**

*¿Ha pensado el Gobierno local arreglar la carretera que enlaza el conjunto de viviendas, el núcleo de viviendas de Vío, con la carretera de Pocomaco —avenida Quinta y Tercera—, solicitado tantas veces por el vecindario?*

**A las dieciséis horas y cuarenta y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.**

**Señor Díaz Gallego**

*El Gobierno local dará cumplimiento a esta petición como ya está haciendo con otros núcleos tradicionales de la ciudad.*

**Señora Faraldo Calvo**

*Pues, señor Dinís, es hora de pasar de las palabras a los hechos.*

**Presidencia**

*Espere, espere, espere, no pasa nada. No es señor Dinís, es señor Díaz, Díaz Gallego. Dinís es el segundo nombre, entonces es o don Francisco Dinís o señor Díaz Gallego. No pasa nada porque el señor Coira ya lo ha aprendido pero yo no tengo ningún problema en repetir hasta el final del mandato que el señor va con —o señora—, va con el apellido, y el don y/o doña va con el nombre, y Dinís, aunque les suene a apellido, es nombre, Francisco Dinís, como José Manuel o Rosa María. Son nombres compuestos.*

Continúe señora Faraldo.

### **Señora Faraldo Calvo**

Grazas pola corrección señora alcaldesa, señora Rey, porque sempre entendín que Dinís era apelido, ou sexa que me ven moi ben esta corrección para aprender tamén, pois que é un nome. Sigo entón coa miña intervención.

Dicía que é a hora de pasar das palabras aos feitos, señor Díaz. Espera a veciñanza de Vío que este goberno local teña a ben adecentar a estrada de acceso desde Pocomaco ao pobo que neste momento, ademais de estar case xa sen asfalto, de estar a grava solta —xa o dixen noutras ocasións—, vai golpeando aos vehículos a medida que se avanza pola costa, pois tamén ten varias fochancas que dificultan o correcto tránsito pola vía.

**Ás dezaseis horas e corenta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

E o espera non só porque onde hai unha necesidade hai un deber para un Goberno municipal. Non só porque é un dereito dunha veciñanza que cumpre escrupulosamente coas súas obrigas, é que ademais existe ese compromiso firme de cometer esta actuación.

En xullo do 2021 elevei a este Pleno unha moción con melloras para o barrio de Mesoiro Vello e non punto 9 se especificaba: arranxar a estrada de entrada ao núcleo de vivendas Vío. A moción foi aprobada por unanimidade, é dicir, cos votos a favor de todo o Goberno local. Meses despois, vendo que nada se materializaba, volví —en febreiro deste ano—, a presentar un rogo oral solicitando arranxar esta entrada, pero para maior inri a propia alcaldesa en visita ao barrio manifestou aos representantes veciñais o compromiso de arranxar esta estrada tal e como

### **Señora Faraldo Calvo**

*Gracias por la corrección señora alcaldesa, señora Rey, porque siempre entendí que Dinís era apellido, o sea que me viene muy bien esta corrección para aprender también, pues que es un nombre. Sigo entonces con mi intervención.*

*Decía que es la hora de pasar de las palabras a los hechos, señor Díaz. Espera el vecindario de Vío que este gobierno local tenga a bien adecentar la carretera de acceso desde Pocomaco al pueblo que en este momento, además de estar casi ya sin asfalto, de estar la gravilla suelta —ya lo dije en otras ocasiones—, va golpeando a los vehículos a medida que se avanza por la cuesta, pues también tiene varios baches que dificultan el correcto tránsito por la vía.*

***A las dieciséis horas y cuarenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

*Y lo espera no solo porque donde hay una necesidad hay un deber para un Gobierno municipal. No solo porque es un derecho de un vecindario que cumple escrupulosamente con sus deberes, es que además existe ese compromiso firme de cometer esta actuación.*

*En julio de 2021 elevé a este Pleno una moción con mejoras para el barrio de Mesoiro Vello y en el punto 9 se especificaba: arreglar la carretera de entrada al núcleo de viviendas Vío. La moción fue aprobada por unanimidad, es decir, con los votos a favor de todo el Gobierno local. Meses después, viendo que nada se materializaba, volví —en febrero de este año—, a presentar un ruego oral solicitando arreglar esta entrada, pero para mayor inri la propia alcaldesa en visita al barrio manifestó a los representantes vecinales el compromiso de arreglar esta carretera tal*

publicou a prensa eh?, non o digo eu: *a alcaldesa apuntou que se asfaltarán o camiño de acceso ao núcleo de Vío*, mais a día de hoxe seguen os veciños e as veciñas á espera, unha espera que volve a incidir na idea de abandono municipal aos barrios, máis canto mais afastados están de María Pita. Unha espera pouco xustificable cando estamos a falar dun tramo de estrada que non supera os trescentos metros desde a vía Quinta de Pocomaco —entrada ao acceso—, ata o núcleo de vivendas. Metros que incluso poderían aumentar ata seiscientos se a vontade política quixese unir con unha pista cara o leste do núcleo das vivendas, dándolle outra saída —ou entrada, como se vexa—, enlazándoos coa estrada da rúa Nicanor Tabuyo Domínguez. Seiscientos metros de asfalto mellorarían enormemente a calidade dos accesos, pero incluso a veciñanza ante a escasa, nula, resposta do Concello, confórmase con eses primeiros trescentos metros de acceso ineludible para chegar ata as vivendas. Con que iso se asfalte nin sequera piden moito mais.

Así, así as cousas, queda agora que me responda concretamente, se pode, se está no horizonte próximo, arranxar a estrada de Vío e se pode fixar unha data, aínda que sexa aproximada de cando se faría.

Grazas, señor Díaz.

**Ás dezaseis horas e corenta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

**Señor Díaz Gallego**

Grazas.

O Goberno de Inés Rey ven de inverter, como dicíamos na moción do Grupo Municipal Popular, preto de 50 millóns de euros en obras nos barrios da cidade.

*y como publicó la prensa ¿eh?, no lo digo yo: la alcaldesa apuntó que se asfaltarán el camino de acceso al núcleo de Vío, pero a día de hoy siguen los vecinos y las vecinas a la espera, una espera que vuelve a incidir en la idea de abandono municipal a los barrios, más cuanto más alejados están de María Pita. Una espera poco justificable cuando estamos hablando de un tramo de carretera que no supera los trescientos metros desde la vía Quinta de Pocomaco —entrada al acceso—, hasta el núcleo de viviendas. Metros que incluso podrían aumentar hasta seiscientos si la voluntad política quisiera unir con una pista hacia el este del núcleo de las viviendas, dándole otra salida —o entrada, como se vea—, enlazándolos con la carretera de la calle Nicanor Tabuyo Domínguez. Seiscientos metros de asfalto mejorarían enormemente la calidad de los accesos, pero incluso el vecindario ante la escasa, nula, respuesta del Ayuntamiento, se conforma con esos primeros trescientos metros de acceso ineludible para llegar hasta las viviendas. Con que eso se asfalte ni siquiera piden mucho más.*

*Así, así las cosas, queda ahora que me responda concretamente, si puede, si está en el horizonte cercano arreglar la carretera de Vío y si puede fijar una fecha, aunque sea aproximada de cuándo se haría.*

*Gracias, señor Díaz.*

***A las dieciséis horas y cuarenta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

**Señor Díaz Gallego**

*Gracias.*

*El Gobierno de Inés Rey acaba de invertir, como decíamos en la moción del Grupo Municipal Popular, cerca de 50 millones de euros en obras en los barrios de la ciudad.*



No que respecta aos núcleos tradicionais, na mellora de firmes e saneamento nestes núcleos, vimos de executar as melloras na estrada de Bens por valor de 400.000 euros, as melloras de espazo público e saneamento en Feáns por valor de 350.000 euros, preto de 200.000 euros en melloras en camiños veciñais en Palavea, Cances, A Silva, Feáns ou Castro de Elviña, así como inversións na rúa Correlo, na rúa Huerto, no lugar de Mazaído ou nos camiños da Silva.

Estudaremos, como non pode ser de outro xeito, a petición do núcleo de Vío e como indicaba ó inicio da miña intervención darémoslle cumprimento.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas señor Díaz, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego. Primeira pregunta sobre Percebeiras, señora Veira.

### **PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Pregunta para a súa resposta oral sobre As Percebeiras.**

### **Señora Veira González**

Grazas, señora alcaldesa.

